

ACTIVIDADES ESCOLARES 2024/2025 DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

#territorio #patrimonio #comunidade



PROGRAMA E FILOSOFÍA DA INVESTIGACIÓN EDUCATIVA DA REDE

TERRITORIO, PATRIMONIO E COMUNIDADE: DUNHA EDUCACIÓN NO MUSEO A UN MUSEO EDUCADOR.

Desde a Rede Museística Provincial de Lugo poñemos a disposición dos centros educativos o PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES PARA O CURSO 2024-2025 que está baseado na innovación educativa. A programación inclúe visitas e actividades presenciais e en liña dirixidas á comunidade educativa de infantil, primaria e secundaria.

Con esta planificación didáctica buscamos o diálogo entre profesorado, alumnado e educadoras/es co obxectivo de tramar novos vínculos que investiguen e relacionen as coleccións e espazos do museo coa vida.

A oferta de actividades presenta os seguintes bloques:

- › Recuperación de historias esquecidas
- › Fomento da igualdade
- › Dereitos culturais
- › Migración

Utilizando a educación como vehículo de cambio social pretendemos quitar muros e abrir mentes.

Que pasa? Que podemos facer? Fagámolo!

OBXECTIVOS

- › Explorar, coñecer e transmitir saberes fomentando a aprendizaxe integral.
- › Impulsar o pensamento crítico e a investigación.
- › Criar e fincar o sentimento de orgullo do propio e a pertenza a un territorio e/ou comunidade a partir da súa comprensión e dos valores que o constitúen
- › Habilitar canles de comunicación entre a comunidade educativa e os museos para facer do territorio un mapa de aprendizaxe e coñecemento común.
- › Dinamizar o coñecemento desde a acción e a cooperación directa coas persoas que habitan o territorio e cos axentes sociais e educativos (ser e facerse, construíndonos unhas con outras)
- › Experimentar o territorio, transcender os límites do museo e da escola, pisar o terreo, escoitar á comunidade e recoller os seus testemuños como pezas dunha historia común.
- › Facilitar un desenvolvemento persoal e social equilibrados onde o medio e a persoa van parellos.
- › Promover unha educación pausada, reflexiva, facendo camiño a ritmo, inclusiva, igualitaria e sostible.

EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACH: PRIMEIRO TRIMESTRE NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

ACTIVIDADES ESCOLARES
CURSO 2024/2025 DA RMPL





Concertacións e consultas:
982 242 112
concertacionsrmp@gmail.com

**ACTIVIDADES
ESCOLARES DE
SETEMBRO A
DECEMBRO 2024
NO MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO**

**100 ANOS DE "RONSEL, REVISTA DE
ARTE": CREANDO UNHA REVISTA
PARA A VANGARDA DE NOSO**

Visitade a exposición temporal con motivo da conmemoración do centenario desta revista. Descubride as obras artísticas e bibliográficas orixinais vinculadas á revista Ronsel (1924).

- > Duración estimada: 40 minutos
- > Vinculada a exposición temporal

MUSEO DA MIGRACIÓN DA RMPL

Hoxe en día, o noso país recibe inmigrantes que chegan coas mesmas ganas e esperanzas das/os que marcharon hai anos ou marchan agora. Con esta actividade cada alumno/a investigará sobre o tema a través do museo e da súa contorna. Traballaremos conceptos como exilio, colonialismo, migración, diversidade, desigualdades, conflitos... fomentando a igualdade e eliminando muros colaborando na creación do Museo da migración da RMPL.

- > Proxecto para traballar ao longo de todo o curso (unha visita por trimestre)



Concertacións e consultas:
982 242 112
concertacionsrmp@gmail.com

ACTIVIDADES ESCOLARES DE SETEMBRO A DECEMBRO 2024 NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

RUTAS LITERARIAS

Mergulládevos na fantasía e no misterio do Museo Provincial de Lugo a través dos relatos de Leticia Costas, Anxo Fariña, Andrea Maceiras e Carlos Negro recollidos no libro *Contos de fantasmas no museo*.

Unha vez realizada a lectura, o alumnado, dividido en grupos de 5-6 persoas, resolverá un cuestionario sobre un dos relatos -a cada grupo asignaráselle un cuestionario diferente por sorteo-.

Despois poranse en común as respostas dos diferentes grupos co fin de chegar ao veredicto de que ruta foi a mellor completada. Durante este tempo, aproveitaremos para ampliar os coñecementos acerca das obras do Museo Provincial presentes no relato.

> Lectura a realizar durante o primeiro trimestre para facer a visita no segundo ou terceiro trimestre

1. A "Ruta do carneiro alado" ten como referente o conto "A maldición do carneiro alado" de Leticia Costas, unha desacougante aventura protagonizada pola adolescente Abril que se perde dentro dun cadro.
2. A "Ruta de Minos" inspírase no relato "A esperanza do Maldito" de Anxo Fariña, unha historia que nos retrotrae no tempo ata o Olimpo dos deuses do mundo clásico: Zeus, Antíope, Afrodita, Dédalo, Pasífae e Minos, o monstro namorado.
3. A "Ruta do astrágalo" ten como eixe o relato de "Astrágalo" de Andrea Maceiras, un xogo fantástico que mestura unha tabula lusoria de época romana cun computador actual: un gaña, un vive, un perde, un morre.
4. A "Ruta do paxaro" ten como guía o conto "O paxaro na gaiola" de Carlos Negro, unha hábil metáfora que trata os conflitos da adolescencia, especialmente o do acoso sexista.



Concertacións e consultas:
982 242 112
concertacionsrmp@gmail.com

ACTIVIDADES ESCOLARES DE SETEMBRO A DECEMBRO 2024 EN LIÑA NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

ESCAPE ROOMS: XOGA EN REDE

Achega ao alumnado, primeiro en liña, e a continuación cunha visita presencial ás coleccións dos museos de forma física e multisensorial. Empregade a lóxica, coñecementos e enxeño para resolver as probas que vos propoñemos. Aventuras para escoller:

1. Lugo romano. Coñecede a vida da antiga *Lucus Augusti* da man dunha moza castrexa. Itinerario: coleccións de arqueoloxía de época romana.
2. Da túnica ao traxe tradicional galego: como nos vestimos ao longo da historia. Acompañaredes a unha deseñadora de moda a investigar como vestían os homes e as mulleres dos diferentes períodos históricos. Itinerario: Prehistoria, Cultura castrexa, Roma, Idade Media, Romanticismo e Traxe tradicional galego.
3. Vexo, vexo... e descubro o meu entorno. Axudaredes a unha xabarina a buscar o lugar ideal para vivir; aprendendo a identificar as diferentes paisaxes, principalmente de Galicia, e os elementos naturais que as compoñen a través das obras do Museo Provincial de Lugo. Itinerario: paisaxe de montaña, paisaxe mariña, paisaxe urbana, paisaxe rural, paisaxe lucense.
4. Igualdade. A pantasma que vive no Museo Provincial de Lugo mostraravos a obra das mulleres artistas que temos expostas.
5. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Coidaredes dun planeta Terra, que se atopa enfermo, con 17 remedios convertidos en misións relacionadas con cada un dos 17 ODS. Itinerario: percorrido polas coleccións do Museo Provincial de Lugo.
6. Crea o teu museo. Acompañaredes a un cadro que acaba de chegar ao Museo Provincial de Lugo para axudarlle a coñecer que é un museo, que tipos de museos existen, quen traballa neles e que coleccións podemos atopar expostas.
7. A Idade Media na Rede Museística Provincial de Lugo. Viaxaredes ata o mundo medieval para coñecer a vida e sociedade deste período histórico grazas a catro personaxes.

VISITAS ESCOLARES 2024/2025 À REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO



VISITAS ESCOLARES

**A RMPL, UNHA REDE DE MUSEOS EDUCADORES
E XERADORES DE CAMBIO SOCIAL, TEN
SEMPRE AS PORTAS ABERTAS!**

- › Duración estimada da visita: 45 minutos
- › Pode facerse presencial ou telemática con acompañamento de persoal dos departamentos de didáctica
- › Posibilidade de adaptación a outras temáticas non previstas, sempre e cando estean en relación coas coleccións expostas.

**CONCERTA A VOSA CITA NO MUSEO
PROVINCIAL DE LUGO!**

- › 982 242 112
- › concertacionsrmp@gmail.com
- › Praza da Soidade, s/n, 27001 Lugo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO